



### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓNS:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. **Sinale cal das seguintes palabras ten xénero masculino:**

- A) Cor
- B) Orde
- C) Peaxe
- D) Costume

2. **Indique a asociación masculino-feminino que non é correcta:**

- A) Cirurxián-Cirurxiá
- B) Vexetariano-Vexetariana
- C) Irmán-Irmana
- D) Compostelán-Compostelá

3. **Sinale cal dos seguintes non é antónimo de "san":**

- A) Insán
- B) Demo
- C) Doente
- D) Malsán

4. **Cal das seguintes asociacións de froita e árbore non é correcta?**

- A) Limón-Limoneiro
- B) Pera-Pereira
- C) Laranxa-Laranxeira
- D) Plátano-Plataneiro

5. **Cal das seguintes opcións é correcta ortograficamente?**

- A) Dime onde vives, cantos anos tes e como te chamas?
- B) Dime ónde vives, cántos anos tes e cómo te chamas?
- C) Dime onde vives, cántos anos tes e cómo te chamas?
- D) Dime ónde vives, cantos anos tés e como te chamas?

6. **Sinale cal das seguintes palabras non é correcta ortograficamente:**

- A) Condución
- B) Dicionario
- C) Indución
- D) Infeción

7. **Primeira persoa do plural do presente de indicativo do verbo ir:**

- A) Vamos
- B) Fomos
- C) Iamos
- D) Imos

**8. Das seguintes palabras sinala a que non é correcta ortograficamente:**

- A) Réptil
- B) Excepto
- C) Tríptico
- D) Inscripción

**9. Utensilio composto de dúas varas grosas cunhas táboas atravesadas no medio, que serve para transportar unha carga entre dous:**

- A) Padiola
- B) Camilla
- C) Padexo
- D) Camouco

**10. Indique a forma correcta de escribir "25%":**

- A) Vinte e cinco por cento
- B) Vinte cinco por cento
- C) Vintecinco por cento
- D) Vintecinco entre cento

Preguntas de reserva

**1. Sinala cal das seguintes palabras non está escrita correctamente:**

- A) Billa
- B) Móbil
- C) Polvo
- D) Voda

**2. Sinala cal das seguintes opcións é correcta:**

- A) Se non te pos mellor levarémosche ao hospital xa
- B) Se non te pos mellor levarémoste ao hospital xa
- C) Se non poste mellor levarémoste ao hospital xa
- D) Se non che pos mellor te levaremos ao hospital xa